



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 7 DE XUÑO DE 2017

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 30 de maio de 2017.
2. Aprobar os horarios do Grao en Dereito e do Plan Conxunto ADE/Dereito para o curso académico 2017-2018 coas modificacións propostas na asignación das aulas e sen perxuízo, no seu caso e á vista da resposta á consulta elevada perante a asesoría xurídica, da ulterior modificación dos horarios das materias “Dereito Administrativo I” e “Sistema Xudicial Español e Proceso Civil”, ambas do segundo periodo do segundo curso do Grao en Dereito –Grupos Grandes exclusivamente.
3. Aprobar os procedementos de matrícula en materias optativas para o Grao en Dereito, plans G080 e G081, para o curso 2017-2018.

Ourense, 8 de xuño de 2017



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 7 de xuño de 2017, se publicaron oficialmente na web e no taboleiro de anuncios da Facultade o día 8 de xuño de 2017.


Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.